

ASUNTO PLE/2023/00028016Y

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL QUE TIVO LUGAR O DÍA DEZASETE DE XUÑO DE 2023.

Na localidade de Santiago de Compostela no Salón de Sesiós da Casa Consistorial cando son as 10 horas do día 17 de xuño do ano 2023, reúnen os/as concelleiros e concelleiras electos/as proclamados/as pola Xunta Electoral de Zona co fin de celebrar a sesión constitutiva da nova corporación e elixir alcalde/alcaldesa.

ASISTEN:

ABAL RODRÍGUEZ, MARTA
ÁLVAREZ VÁZQUEZ, MARTA
BALEATO GONZÁLEZ, MARÍA
BARCIA GULDRÍS, NEREA
BEN OTERO, EVARISTO
CASTRO SÁNCHEZ, MARÍA MILAGROS
CÉSAR VILA, MANUEL
CONSTENLA RAMOS, JOSÉ ANTONIO
DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, XESÚS
DURO FERNÁNDEZ, XAN XESÚS
FERREIRO VARELA, MARÍA ROSARIO
FUENTE DE LA RODRÍGUEZ, JOSÉ RAMÓN
GUINARTE CABADA, GUMERSINDO
LESTEGÁS TIZÓN, IAGO
LOUZAO FERNÁNDEZ, MÍRIAM
LUEIRO GARCÍA, PILAR
MUÍÑOS SÁNCHEZ, GONZALO
OTERO Balsa, YOLANDA
OTERO SANJURJO, OLAYA
ROSÓN FERREIRO, MERCEDES
ROZAS PÉREZ, MARÍA
RUBIO SOMOZA, BORJA
SANMARTÍN REI, GORETTI
VEREA FRAIZ, BORJA
VILLA TORRES, ADRIÁN

José Manuel González García, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Formación da mesa de idade.

SEGUNDO.- Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro/a.

TERCEIRO.- Elección de alcalde/alcaldesa.

CUARTO.- Xuramento ou promesa e toma de posesión do alcalde/alcaldesa.

Cumpriméntase así:

PRIMEIRO.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.

En primeiro lugar, procédese a constituír a Mesa de Idade integrada polos/as concelleiros/concelleiras electos de maior e de menor idade presentes no acto e da que será secretario o secretario xeral do Pleno, tal e como dispón o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral e o artigo 122 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Consonte ao establecido no artigo 195 da vixente Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, a constitución da Excm. Corporación Municipal virá presidida pola chamada Mesa de Idade, integrada polo señor concelleiro/a electo de maior idade como presidente e o/a concelleiro/a electo de menor idade como vogal, da que será secretario o secretario xeral do pleno.

Consonte aos datos obrantes na Secretaría Xeral correspóndelles ser membros da mesa a **Don Gumersindo Guinarte Cabada como presidente e a Dona Nerea Barcia Guldrís como vogal.**

Os membros da Mesa de idade prometen os seus cargos de vogal e presidente:

Toma a palabra **Dona Nerea Barcia Guldrís** quen xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de vogal da Mesa de Idade con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación **Don Gumersindo Guinarte Cabada** fai a promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de presidente da Mesa de Idade con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Queda constituída a Mesa de idade por **Don Gumersindo Guinarte Cabada como presidente e por Dona Nerea Barcia Guldrís como vogal.**

SEGUNDO.- XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIRO/A.

A Mesa de Idade, logo de terse constituído, comproba as credenciais dos concelleiros e concelleiras electas expedidas pola Xunta Electoral de Zona e, considerándoas conformes, dispón o chamamento, por orde alfabética, dos concelleiros e concelleiras electas para que presten o xuramento ou promesa do seu cargo, na forma regulamentaria:

- Abal Rodríguez, Marta.
- Álvarez Vázquez, Marta.
- Baleato González, María.
- Ben Otero, Evaristo.
- Castro Sánchez, María Milagros.
- César Vila, Manuel.

- Constenla Ramos, José Antonio.
- Domínguez Domínguez, Xesús.
- Duro Fernández, Xan Xesús.
- Ferreiro Varela, María Rosario.
- De la Fuente Rodríguez, José Ramón.
- Lestegás Tizón, Iago.
- Louzao Fernández, Míriam.
- Lueiro García, Pilar.
- Muíños Sánchez, Gonzalo.
- Otero Balsa, Yolanda.
- Otero Sanjurjo, Olaya.
- Rosón Ferreiro, Mercedes.
- Rozas Pérez, María.
- Rubio Somoza, Borja.
- Rei Sanmartín, Goretti.
- Vereza Fraiz, Borja.
- Villa Torres, Adrián.

A continuación prestan o xuramento ou promesa como concelleira e concelleiro a vogal e o presidente da mesa, Dona Nerea Barcia Guldrís e Don Gumersindo Guinarte Cabada.

Ao ter prestado todos os chamados e chamadas o xuramento ou promesa do seu cargo e tomado posesión de maneira efectiva deste, declárase constituída a Corporación Municipal.

TERCEIRO.- ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA.

Dou lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece:

Que na mesma sesión de constitución da Corporación se procede a elección de alcalde ou alcaldesa, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos/as a alcalde ou alcaldesa todos os concelleiros ou concelleiras que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos de concelleiros e concelleiras é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado alcalde o concelleiro ou concelleira que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente concello.”

De acordo co disposto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno a votación vai

ser secreta.

A continuación, o secretario xeral do Pleno pregúntalle aos concelleiros/as que encabezan as candidaturas presentadas, por orde de menor a maior número de votos recibidos, se presentan a súa candidatura para a elección como Alcalde/sa.

Unicamente presentan a súa candidatura á Alcaldía Dona María Goretti Sanmartín Rei e Don Borja Vereza Fraiz.

Iniciáase o procedemento para a elección de Alcalde/Alcaldesa.

Son chamados os concelleiros e concelleiras, por orde alfabética, para que depositen o seu voto na urna disposta ao efecto. En derradeiro lugar votan os membros da Mesa de idade.

Concluída a votación, procédese ao recuento dos votos emitidos, co seguinte resultado:

Don Borja Vereza Fraiz: 11 votos

Dona Goretti Sanmartín Rei: 14 votos

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 196.c) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, o presidente da Mesa de idade manifesta que queda proclamada alcaldesa dona Goretti Sanmartín Rei.

CUARTO.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE/ALCALDESA.

Dona Goretti Sanmartín Rei promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa e por imperativo legal facelo con lealdade á Xefatura do Estado e gardando e facendo gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, co agradecemento ás mulleres que abriron camiño e polas que virán, e comprométese a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Compostela e do pobo galego.

Logo de ser prestada a promesa, o presidente da Mesa de idade dálle posesión do cargo de alcaldesa do Concello de Santiago e a Sra. Sanmartín Rei pasa a presidir a sesión.

A seguir, a Sra. alcaldesa dá o seu discurso de toma de posesión.

Non sendo outro o obxecto da reunión a alcaldesa da por rematada a sesión sendo as 10:55 horas. Dou fe.

